

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7972** *Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas.*

Existe un consenso xeneralizado sobre os efectos negativos da economía somerxida e, en particular, do traballo non declarado como elementos que distorsionan o mercado e dificultan o sistema de protección social e garantías dos traballadores. Estes inconvenientes cobran especial relevancia nun momento da economía española en que o repunte da actividade e o crecemento económico non alcanzan as cotas suficientes para a creación de emprego neto, obstaculizando as propias posibilidades do crecemento económico.

En primeiro lugar, os prexuízos do traballo non declarado proxéctanse, por unha parte, directamente sobre a competencia desleal que tales situacións xeran respecto da gran maioría das empresas españolas que actúan no marco da legalidade común, dificultando as súas propias posibilidades de crecemento dentro do dito marco; e, por outra parte, sobre a diminución, cando non eliminación, das posibilidades de protección social dos propios traballadores afectados e das súas condicións de vida e de traballo, nun momento en que precisamente poden ser máis vulnerables ante as contingencias diversas relacionadas co ciclo económico.

Por outro lado, estes comportamentos e actitudes sociais dificultan a recuperación económica e os obxectivos nacionais de redución do déficit público, precisamente cando aumentan as necesidades do gasto en protección social.

Fronte a estes comportamentos, as políticas públicas de inspección, sanción e tutela dos dereitos sociais e das regras de transparencia e igualdade no mercado acometen diversas e continuas accións en plans dirixidos ao control e loita contra a economía irregular e o emprego somerxido, de maneira regular e permanente. Débense citar nesa dirección os sucesivos plans anuais integrados da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a constitución do Observatorio da Fraude para a análise e corrección das irregularidades en materia laboral e de seguridade social entre a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a propia Inspección de Traballo e Seguridade Social, o recente Plan de Acción sobre Empresas Ficticias e Altas Fraudulentas adoptado por ambos os organismos; e o Plan Integral de Prevención e Corrección da Fraude Fiscal, Laboral e á Seguridade Social, aprobado polo Consello de Ministros do 5 de marzo de 2010, en que, xunto cos citados organismos, tamén participa a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Atendendo ás razóns explicitadas anteriormente sobre os efectos negativos do emprego somerxido, cómpre profundar nas políticas públicas dirixidas a combatalo. Neste sentido, resulta oportuno acometer un plan que articule medidas de distinta natureza dirixidas a propiciar a regularización do traballo non declarado, para restablecer os equilibrios e eliminar os prexuízos que se sinalaron, recuperando ou mellorando o nivel de xustiza e solidariedade social no noso mercado de traballo e na economía española, ao tempo que se potencien e melloren os mecanismos de control neste ámbito como instrumentos de disuasión e de reacción fronte á ocultación e precarización das relacións laborais.

Este plan debe revestir tamén un carácter extraordinario, na medida en que debe superar as fórmulas que habitualmente e con carácter regular e permanente incorporan os antes sinalados plans de control e loita contra a fraude. Neste sentido, débense abordar medidas que, con carácter limitado no tempo, favorezan a regularización do traballo non declarado, como parte importante da economía somerxida, máis aló das actuacións sistemáticas ordinarias, garantindo a necesaria confidencialidade.

Finalmente, é tamén urxente a súa posta en marcha, na medida en que se considera inaprazable a recuperación de niveis máis aceptables de competencia empresarial e de

protección social dos traballadores, así como a contribución ao restablecemento do equilibrio orzamentario público, como medio de propiciar con inmediatez o maior e máis xusto crecemento económico e a conseguinte creación de emprego.

Imponse, como parte integrante do dito plan, a necesidade da adopción polo Consello de Ministros dunha serie de medidas con carácter inmediato, referidas ao ámbito de vixilancia e control da lexislación social, que perseguen incentivar ou estimular a regularización voluntaria do traballo non declarado, co fin de que estas contribúan ao proceso de recuperación económica.

Así, o capítulo I establece un prazo durante o cal os empresarios poderán voluntariamente regularizar a situación dos traballadores que se encontren ocupados por estes de maneira irregular. Estas situacións non serán obxecto de sancións administrativas polo incumprimento das obrigas en relación coa declaración e o recoñecemento dos dereitos dos traballadores afectados, así como en materia de seguridade social, establecéndose a posibilidade de apazamento das débedas coa Seguridade Social en determinadas condicións.

Ademais das medidas en materia de seguridade social, derivadas do dito procedemento, en materia laboral débese ter en conta que, en caso de que o empresario se someta voluntariamente ao procedemento de regularización, poderase acoller á modalidade de contratación que responda ás características, finalidade e supostos previstos na normativa sobre modalidades contractuais.

No capítulo II regúlanse unha serie de medidas destinadas a combater o traballo non declarado, que serán de aplicación tras a finalización do proceso de regularización voluntaria previsto no capítulo anterior.

En primeiro lugar, como mecanismo de control nos procesos de subcontratación, establécese para combater o traballo non declarado a obriga de que os empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daqueles ou que se presten de forma continuada nos seus centros de traballo comproben, con carácter previo ao inicio da actividade contratada ou subcontratada, que os traballadores das contratistas ou subcontratistas que estas ocupen nos seus centros de traballo foron dados de alta na Seguridade Social, e exixirán a acreditación do cumprimento da dita obriga.

En segundo lugar, increméntase a contía das sancións administrativas respecto daqueles tipos infractores directamente asociados ao traballo non declarado, incluída a equiparación das sancións por obstrución ao labor inspector nesta materia.

En terceiro lugar, tipifícase como infracción grave o incumprimento da referida obriga de comprobación nesta materia por parte dos empresarios en casos de contratas ou subcontratas.

En cuarto lugar, no marco das sancións accesorias aos empresarios en materia de emprego, axudas de fomento do emprego, formación para o emprego e protección por desemprego, amplíase o prazo de exclusión do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego por un período máximo de dous anos para os supostos de infraccións moi graves por condutas relacionadas co emprego somerxido. No caso das infraccións graves, o prazo de exclusión será dun ano ampliable a dous para o suposto de reiteración da conduta infractora.

Por outra parte, modifícase o artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para estender a prohibición de contratar coas administracións públicas a aquelas empresas que incorreron no incumprimento tipificado como infracción grave, previsto no artigo 22.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Nas disposicións adicionais regúlanse as consecuencias dos eventuais incumprimentos do réxime xurídico da regularización e a previsión sobre a avaliación e seguimento das disposicións deste real decreto lei, oída a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Por último, na disposición derradeira primeira modifícase a actual regulación da dedución por obras de mellora na vivenda habitual introducida na normativa do imposto

sobre a renda das persoas físicas polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego. En concreto, amplíase tanto o obxecto da dedución, que xa non estará limitado ás obras que se realicen na vivenda habitual, como o colectivo de potenciais beneficiarios, ao se incrementar o límite anual de base imponible para acceder a esta de 53.007,20 a 71.007,20 euros anuais. Ao mesmo tempo, mellórase a propia contía da dedución, elevándose do 10 ao 20 por cento a porcentaxe de dedución, e de 4.000 a 6.750 euros anuais a base anual máxima de dedución. Igualmente, increméntase de 12.000 a 20.000 euros anual a base acumulada da dedución. A nova regulación da dedución resultará de aplicación ás obras que se realicen desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o 31 de decembro de 2012.

O carácter das medidas expostas e a inmediatez con que se deben aplicar para a súa eficacia poñen de manifesto a concorrencia dos requisitos de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución para a súa aprobación mediante real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de abril de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Medidas destinadas a empresas que se acollan voluntariamente ao procedemento de regularización respecto daqueles traballadores ocupados de maneira irregular**

#### *Artigo 1. Proceso voluntario de regularización.*

Os empresarios que ocupen traballadores de maneira irregular por non ter solicitado a súa afiliación inicial ou alta na Seguridade Social poderán regularizar a situación destes desde a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o 31 de xullo de 2011, de conformidade co previsto neste capítulo.

#### *Artigo 2. Efectos en materia de seguridade social do proceso da regularización.*

1. Para os efectos indicados no artigo anterior, as empresas deberán solicitar a alta dos citados traballadores no correspondente réxime da Seguridade Social dentro do prazo sinalado.

2. O ingreso das cotizacións á Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta correspondentes ás altas a que se refire o número anterior que procedan conforme a lexislación vixente da Seguridade Social poderá ser obxecto de aprazamento nos termos regulamentariamente establecidos.

#### *Artigo 3. Efectos da regularización en materia de sancións.*

1. As situacións de feito a que se refiren os artigos anteriores sobre os traballadores afectados pola regularización non poderán ser obxecto das sancións administrativas previstas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, para as infraccións tipificadas no dito texto legal relacionadas con tales situacións, salvo o previsto na disposición adicional primeira deste real decreto lei.

2. Non obstante, o establecido no número anterior non resultará aplicable cando xa se tiver iniciado unha actuación na empresa en materia de seguridade social, que teña por obxecto ou afecte as situacións de feito referidas no dito número ou tiveren entrada na Inspección de Traballo e Seguridade Social denuncias, reclamacións ou escritos de calquera natureza relacionados con tales situacións na mesma empresa, ou demandas ante a xurisdición social.

#### Artigo 4. *Modalidades contractuais.*

1. Os empresarios que se acollan ao procedemento de regularización a que se refire este capítulo deberán formalizar un contrato de traballo co traballador, mediante calquera modalidade contractual indefinida ou temporal ou de duración determinada, incluídos os contratos formativos, sempre que se reúnan os requisitos exixidos para a súa celebración, de acordo coa lexislación laboral. Cando se trate de contratos de carácter temporal ou de duración determinada, a súa duración inicial prevista non poderá ser inferior a seis meses, desde a data de solicitude da alta na Seguridade Social.

2. Respecto aos traballadores contratados mediante as modalidades contractuais temporais ou de duración determinada, nos supostos a que se refire o número anterior, non resultará de aplicación o establecido no artigo 15.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, sobre a adquisición da condición de fixos destes, sempre que se cumpran os requisitos previstos no proceso de regularización recollidos neste capítulo.

3. No contrato de traballo farase constar expresamente que este se acolle ao proceso de regularización establecido neste real decreto lei, sen prexuízo da restante normativa laboral que resulte de aplicación en función da modalidade de contratación utilizada.

## CAPÍTULO II

### **Medidas destinadas a combater a ocupación de maneira irregular unha vez finalizado o proceso voluntario de regularización**

#### Artigo 5. *Comprobación do cumprimento das obrigas de alta na Seguridade Social de traballadores nos supostos de subcontratación.*

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, os empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daqueles ou que se presten de forma continuada nos seus centros de traballo deberán comprobar, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada, a afiliación e alta na Seguridade Social dos traballadores que estes ocupen neles.

2. O deber de comprobación establecido no número anterior non será exixible cando a actividade contratada se refira exclusivamente á construción ou reparación que poida contratar un cabeza de familia respecto da súa vivenda, así como cando o propietario da obra ou industria non contrate a súa realización por razón dunha actividade empresarial.

#### Artigo 6. *Modificación do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«Non solicitar a afiliación inicial ou a alta dos traballadores que ingresen ao seu servizo, ou solicitala, como consecuencia de actuación inspectora, fóra do prazo establecido. Para estes efectos considerárase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.»

Dous. Engádesse un novo número 11 ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«A solicitude de afiliación ou da alta dos traballadores que ingresen ao seu servizo fóra do prazo establecido para o efecto, cando non medie actuación inspectora, ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

Tres. Engádesse un novo número 12 ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«Non comprobar os empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daqueles ou que se presten de forma continuada nos seus centros de traballo, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada, a afiliación ou alta na Seguridade Social dos traballadores que estes ocupen neles considerárase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.»

Catro. Engádesse dúas novas letras e) e f) e un parágrafo final ao artigo 40.1 coa seguinte redacción:

«e) As infraccións sinaladas nos artigos 22.2 e 23.1.a) sancionaranse:

1.º A infracción grave do artigo 22.2 sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, de 3.126 a 6.250 euros; no seu grao medio, de 6.251 a 8.000 euros e, no seu grao máximo, de 8.001 a 10.000 euros.

2.º A infracción moi grave do artigo 23.1.a) sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, de 10.001 a 25.000 euros; no seu grao medio, de 25.001 a 100.005 euros e, no seu grao máximo, de 100.006 a 187.515 euros.

f) Cando a actuación inspectora de que derive a obstrución fose dirixida á comprobación da situación de alta dos traballadores que presten servizos nunha empresa e o incumprimento das obrigas do empresario puidese dar lugar á comisión das infraccións tipificadas nos artigos 22.2 e 23.1.a), as infraccións por obstrución sancionaranse:

1.º As cualificadas como graves: no seu grao mínimo, con multa de 3.126 a 6.250 euros; no seu grao medio, de 6.251 a 8.000 euros e, no seu grao máximo, de 8.001 a 10.000 euros.

2.º As cualificadas como moi graves: no seu grao mínimo, cunha multa de 10.001 a 25.000 euros; no seu grao medio, de 25.001 a 100.005 euros e, no seu grao máximo, de 100.006 a 187.515 euros.

As sancións impostas polas infraccións previstas na letra e) e as cualificadas como moi graves da letra f), unha vez firmes, faranse públicas na forma que se prevexa regulamentariamente.»

Cinco. O artigo 46 queda redactado do seguinte modo:

«1. Sen prexuízo das sancións a que se refire o artigo 40.1 e salvo o establecido no artigo 46 bis) desta lei, os empresarios que cometesen infraccións moi graves tipificadas nos artigos 16 e 23 desta lei en materia de emprego e protección por desemprego:

a) Perderán automaticamente as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción.

b) Poderán ser excluídos do acceso a tales beneficios por un período máximo de dous anos.

c) Nos supostos previstos nos números 3 e 4 do artigo 16 quedan obrigados, en todo caso, á devolución das cantidades obtidas indebidamente e as non aplicadas ou aplicadas incorrectamente.

2. Cando a conduta do empresario dea lugar á aplicación do tipo previsto no artigo 22.2, con independencia do número de traballadores afectados, aplicaranse as medidas previstas nas letras a) e b) do número anterior, ben que o prazo de exclusión previsto na letra b) será dun ano.

En caso de reiteración da conduta tipificada no artigo 22.2, o prazo de exclusión ampliarase a dous anos. Producirase a reiteración cando entre a comisión da dita

infracción e a anterior non transcorresen máis de 365 días. Para estes efectos, non terá a consideración de reiteración a conduta empresarial que dea lugar a unha pluralidade de infraccións por afectar máis dun traballador.»

Artigo 7. *Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

A letra c) do artigo 49.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, queda redactada do seguinte modo:

«c) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non-discriminación das persoas con discapacidade, ou por infracción moi grave en materia social, incluídas as infraccións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como pola infracción grave prevista no seu artigo 22.2, ou por infracción moi grave en materia ambiental, de acordo co establecido no Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental; na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres; na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos; no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.»

Disposición adicional primeira. *Incumprimento do réxime xurídico da regularización.*

1. Os empresarios que se acollesen ao proceso voluntario de regularización contido no capítulo I deste real decreto lei sen reunir os requisitos establecidos ao respecto ou os que, aínda reuníndoos, tiveren procedido á extinción do contrato de traballo dos traballadores afectados pola regularización antes de seis meses, calquera que fose a modalidade de contratación utilizada, perderán automaticamente o dereito a se acoller aos beneficios e efectos establecidos nos artigos 2, 3 e 4 deste real decreto lei, con efectos desde a data da regularización. Así mesmo, deberán reintegrar as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, obtidos como consecuencia desta contratación.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás extincións por despedimento disciplinario declarado como procedente, ou por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador.

2. Así mesmo, os empresarios que incumpran o réxime xurídico da regularización deberán ingresar as cotas de Seguridade Social que procedan; todo isto sen prexuízo da aplicación do establecido no texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Disposición adicional segunda. *Avaliación das disposicións deste real decreto lei.*

O Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Inmigración, transcorridos seis meses desde a entrada en vigor desta disposición, realizará unha avaliación e seguimento dos resultados das medidas incluídas neste real decreto lei, oída a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Atendendo ás conclusións da dita avaliación, procederá a adoptar ou promover as medidas de adaptación ou modificación que resulten adecuadas.

Disposición transitoria única. *Réxime sancionador.*

As infraccións cometidas ata o 31 de xullo de 2011 sancionaranse conforme as contías e someteranse ao réxime de responsabilidades vixente con anterioridade á dita data.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas tantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da dedución por obras de mellora na vivenda habitual no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase a disposición adicional vixésimo novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo novena. *Dedución por obras de mellora na vivenda.*

Os contribuíntes cuxa base imponible sexa inferior a 71.007,20 euros anuais, poderán deducir o 20 por cento das cantidades satisfeitas desde a entrada en vigor do Real decreto lei 5/2011 ata o 31 de decembro de 2012 polas obras realizadas durante o dito período en calquera vivenda da súa propiedade ou no edificio en que esta se encuentre, sempre que teñan por obxecto a mellora da eficiencia enerxética, a hixiene, saúde e protección do ambiente, a utilización de enerxías renovables, a seguridade e a estanquidade e, en particular, a substitución das instalacións de electricidade, auga, gas ou outras subministracións, ou favorezan a accesibilidade ao edificio ou ás vivendas, nos termos previstos no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, así como polas obras de instalación de infraestruturas de telecomunicación realizadas durante o dito período que permitan o acceso á internet e a servizos de televisión dixital na vivenda do contribuínte.

Non darán dereito a practicar esta dedución as obras que se realicen en vivendas afectas a unha actividade económica, prazas de garaxe, xardíns, parques, piscinas e instalacións deportivas e outros elementos análogos.

A base desta dedución estará constituída polas cantidades satisfeitas, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito, ás persoas ou entidades que realicen tales obras. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

A base máxima anual desta dedución será de:

- a) Cando a base imponible sexa igual ou inferior a 53.007,20 euros anuais: 6.750 euros anuais,
- b) Cando a base imponible estea comprendida entre 53.007,20 e 71.007,20 euros anuais: 6.750 euros menos o resultado de multiplicar por 0,375 a diferenza entre a base imponible e 53.007,20 euros anuais.

As cantidades satisfeitas no exercicio non deducidas por exceder a base máxima anual de dedución poderanse deducir, co mesmo límite, nos catro exercicios seguintes.

Para tal efecto, cando concorran cantidades deducibles no exercicio con cantidades deducibles procedentes de exercicios anteriores que non puidesen ser obxecto de dedución por exceder a base máxima de dedución, o límite anteriormente indicado será único para o conxunto de tales cantidades, e deduciranse en primeiro lugar as cantidades correspondentes a anos anteriores.

En ningún caso a base acumulada da dedución correspondente aos períodos impositivos en que esta sexa de aplicación poderá exceder os 20.000 euros por vivenda. Cando concorran varios propietarios con dereito a practicar a dedución

respecto dunha mesma vivenda, o citado límite de 20.000 euros distribuirase entre os copropietarios en función da súa respectiva porcentaxe de propiedade no inmovible.

En ningún caso darán dereito á aplicación desta dedución as cantidades satisfeitas polas que o contribuínte practique a dedución por investimento en vivenda habitual a que se refire o artigo 68.1 desta lei.

2. O importe desta dedución restarase da cota íntegra estatal despois das deducións previstas nos números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 68 desta lei.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo primeira. *Dedución por obras de mellora na vivenda habitual satisfeitas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 5/2011.*

1. Os contribuíntes que con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 5/2011 satisfixesen cantidades polas que tivesen dereito á dedución por obras de mellora na vivenda habitual, conforme a redacción orixinal da disposición adicional vixésimo novena desta lei, aplicarán a dedución en relación con tales cantidades conforme a citada redacción.

2. En ningún caso, por aplicación do disposto nesta disposición, a base anual e a base acumulada da dedución correspondentes ao conxunto de obras de mellora poderán exceder os límites establecidos na disposición adicional vixésimo novena desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Os artigos deste real decreto lei que non constitúen disposicións modificativas doutras vixentes dítanse ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, así como de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Habílanse o Goberno e os titulares dos ministerios de Economía e Facenda e de Traxectoria e Inmigración, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto as medidas previstas no capítulo II, que entrarán en vigor o 1 de agosto de 2011.

Dado en Madrid o 29 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO